

COMUNICACIÓN PREVIA - FOGUEIRAS DE SAN XOÁN 2026
(a noite do martes 23 de xuño á madrugada do mércores 24 de xuño do 2026)

A persoa que asina e comunica a realización da fogueira será sempre o **responsable dos danos e prexuízos que esta ocasione**

RESPONSABLE DA FOGUEIRA	
DNI	NOME E APELIDOS
ENDEREZO	
PARROQUIA	MUNICIPIO
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

COMUNICA:

A realización dunha fogueira na noite do 23 de xuño que se realizará en:
.....

DATOS DA FOGUEIRA
Lugar exacto da fogueira: (rúa, lugar, parroquia, referencias)

E comprométese a cumprir as seguintes normas:

- As persoas, asociacións ou entidades organizadoras que desexen realizar unha fogueira deberán comunicalo por escrito ao Concello de Coirós.
- Estas comunicacións poderanse presentar, por persoas maiores de idade, ata o luns **22 de xuño** de 2026 ás 14:00 horas:
 - Presencialmente, na oficina do Rexistro Xeral do Concello de Coirós en horario de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas
 - Telemáticamente, na Sede Electrónica ás 24 horas do día
- As fogatas poderán realizarse unicamente o 23 de xuño e madrugada do 24. O representante será o responsable do cumprimento das presentes.
- Só se poderán realizar as fogatas en terreos particulares localizados en solo urbano (núcleos urbanos) e en solo de núcleo rural (núcleos rurais).
- Queda prohibido realizar lume en solo rústico con calquera uso (agropecuario, forestal...), así como en zonas próximas a terreos destas características que sexan susceptibles de causar un lume incontrolado, de acordo coa lexislación vixente.

- Previamente ao inicio da fogueira, farase unha devasa mediante a eliminación manual ou mecánica da totalidade do material combustible nunha franxa de polo menos cinco metros de longo, rodeando o perímetro que se vai queimar.
- Non se prenderá lume preto de masas forestais ou matogueiras (50 metros de distancia mínima), nin a menos de 15 metros de calquera edificación, tendido eléctrico, instalación de calquera tipo ou vehículo.
- Non poderá iniciarse ningunha fogueira cando as condicións meteorolóxicas poidan dificultar o seu control, especialmente nos días de vento. Asemade, se iniciado o lume se producise a aparición de vento intenso, procederase a apagalo.
- Non se abandonará a vixilancia da zona da fogueira ata que o lume estea totalmente apagado e transcorresen dúas horas sen que se observen lapas ou brasas.
- Deberán terse á man medios adecuados para a extinción do lume.
- O montón de materiais que forme a cacharela non poderá exceder de 2 metro de altura e 3 de diámetro.
- Está prohibida a queima de todo tipo de residuos (materiais en cuxa composición interveña o plástico, colchóns, rodas, aerosois, produtos inflamables ou explosivos...), debido aos gases tóxicos que produce a súa queima.
- É obrigatorio cumprir o establecido na Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención de consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade.
- Este Concello, por iniciativa propia ou por instancia do Servizo Territorial de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais, poderá impedir a realización nos casos que non sexa posible garantir as medidas de seguridade e prevención de incendios.
- En caso de incumprimento do indicado, ou de queixas fundamentadas dos veciños, poderase requirir a extinción das fogueiras.
- O cumprimento destas normas poderá ser comprobado polo Servizo de Prevención e Emerxencias (PC) e/ou Axentes Forestais, que darán conta das incidencias/infraccións detectadas.

Coirós de de 2026

Asdo. _____